

PLN/2025/4.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Sendo as doce horas e dous minutos do seis de febreiro do ano dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, réunese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión extraordinaria urxente, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Begoña María Gómez Díaz	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Non asiste

Excusan a súa asistencia o concelleiro, Iván Martínez González.

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da titular do posto de intervención, Dna. Ana María Gómez Peña

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51



do Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Con carácter previo ao inicio da sesión, a secretaria solicita o uso da palabra ao Presidente para informar que respecto da licitude do tratamento, de acordo co establecido nos artigos 6.1 e) do Regulamento (UE) 2016/679 e 8.1 da O 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais en relación ao disposto no artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, se vai a proceder á grabar en arquivo dixital e sonoro para a súa posterior difusión a través do portal de transparencia da sesión plenaria dando traslado de documento de informacion e autorización que proceden a asinar.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA. Para os efectos previstos no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno a ratificación da urxencia de cada un dos expedientes incluídos na orde do día segundo Decreto de alcaldía núm. 2025-0140 de 4 de febreiro de 2025 no que se sinala para os efectos da motivación da urxencia da convocatoria:

“**PRIMEIRO.** Convocar, co fin de adoptar, de ser o caso, os acordos necesarios para poder solicitar a participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025” e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 3/2025”, os cales non poden esperar ata a convocatoria do vindeiro pleno ordinario, sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación, o día 6 de febreiro de 2025 ás 12:00 horas, para tratar dos asuntos que se expresan na orde do día.”

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Abstención

En función do resultado, préstase aprobación a acta.

2º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025.- Expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 197/2023, previamente elevado á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior en sesión extraordinaria urxente realizada con data 3 de febreiro de 2025, emitíndose o seguinte ditame:

“**2.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025.**



Unha vez dada conta dos antecedentes do expediente no que consta proposta de acordo asinada polo Concelleiro Delegado de Obras, Servizos, Medioambiente e TICs en data 3 de febreiro de 2025, a comisión informativa, en aplicación do voto ponderado, por 5 votos a favor (5 PP), 6 votos en contra (3 BNG, 3 PSdG-PSOE) e 2 abstencións (2 EU), acorda ditaminar **desfavorablemente** a adopción do acordo que se indica a continuación, para que se eleve á consideración do Concello Pleno:

“... ”

Vista a circular remitida pola Deputación Provincial da Coruña en relación ao POS+ 2025, PROPOÑO:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	94.756,48 €
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	32.931,83 €
Subtotal gasto corrente	127.688,31 €



B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
ACONDICIONAMENTO NO CLUB DO MAR	98.806,85 €				98.806,85 €
Subtotal investimentos achega provincial 2025	98.806,85 €				98.806,85 €

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS DE BEIRARRÚA NA RÚA PETEIRO	154.938,46 €				154.938,46 €
Subtotal investimentos achega provincial 2024	154.938,46 €				154.938,46 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.



C) **Resumo:**

		Deputación	Concello		Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	
POS+ 2025 RESUMO FINANCIAMENTO					
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	94.756,48 €			94.756,48 €
	Achega 2024	32.931,83 €			32.931,83 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	98.806,85 €			98.806,85 €
	Achega 2024	154.938,46 €			154.938,46 €
C- REDUCCIÓN DA DÉBIDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2025				
	Achega 2024				
D- TOTAL	Achega 2025	193.563,33 €			193.563,33 €
	Achega 2024	187.870,29 €			187.870,29 €
	TOTAL	381.433,62 €			381.433,62 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
RENOVACIÓN DOS	214.508,59 €		214.508,59 €



PAVIMENTOS DE BEIRARRÚA NA RÚA OS CORZÁS			
TOTAIS	214.508,59 €		214.508,59 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos en función da documentación achegada, augas e servidumes para a execución dos investimentos, debendo proceder a solicitar as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias con carácter previo ao remate do prazo marcado para presentar a solicitude de axuda.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Consta así mesmo no expediente, entre outra, a seguinte documentación:

-Proxecto técnico “RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS DE BEIRARRÚA NA RÚA OS CORZÁS”, asinado polo Enxeñeiro de camiños, D. ANTONIO J. DURÁN MACIÑEIRA, colexiado 15.305.

- Proxecto técnico “RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS DE BEIRARRÚA NA RÚA PETEIRO”, asinado polo Enxeñeiro de camiños, D. ANTONIO J. DURÁN MACIÑEIRA, colexiado 15.305.

- Proxecto técnico “OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO EN EL CLUB DEL MAR DE MUGARDOS” redactado pola arquitecta Carolina Martínez Vila, arquitecta COAG n.º 4019.

- Anexos cumplimentados segundo as “BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2025” (BOP n.º 233 de 3 de decembro de 2024), a salvo Anexo V relativo ao proxecto Proxecto técnico “OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO EN EL CLUB DEL MAR DE MUGARDOS”

- Informes de secretaría de 29 de xaneiro de 5 de febreiro de 2025 e desfavorables emitidos con data 3 e 5 de febreiro de 2025 respecto das obras “RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS DE BEIRARRÚA NA RÚA PETEIRO” e “OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO EN EL CLUB DEL MAR DE MUGARDOS”

- Peticións de autorizacións sectoriais relativas ao proxecto “RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS DE BEIRARRÚA NA RÚA PETEIRO” á Axencia Galega dde



Primeira quenda de intervencións	
Grupo EU	<p>Abre o debate deste punto da orde do día a portavoz do grupo EU. Adianta que vai a manter o mesmo sentido do voto emitido na emisión de ditame o pasado luns na Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior. Non comparte o sentido da proposta de acordo por canto considera que os recursos do POS non deben ir adicados ao financiamento de gasto corrente e ademáis estima que as obras elixidas non as máis necesarias, restando posibilidades para outras máis urxentes como a segunda fase da Casa da Cultura ou outros camiños municipais.</p>
Grupo PSdG-PSOE	<p>Toma a palabra o portavoz PsdG-PSOE. O seu grupo votará en contra da proposta de acordo en función do que considera unha tramitación administrativa irregular e ineficiente tras seis anos de goberno municipal.</p> <p>Incide en que seguen sen resolverse os problemas xa detectados en expedientes previos incluídos no Plan Provincial, ao que suma a falta de busca dun acordo entre todos os grupos en tempo e forma e cos informes técnicos emitidos. Situación que se ven reiterando no tempo, lamentando que todos os anos pidan que se presenten propostas polos demais grupos para despois sen capacidade de reacción, eleven ao Pleno outras propostas que recollen iniciativas que non de adecúan en canto ao seu contido e finalidade aos tempos actuais, sen mellora ou dotación de novos servizos como acontece coas actuacións nas beirarrúas en Os Corzás ou en Peteiro.</p> <p>Remata a súa primeira intervención lembrado ao equipo de goberno que Mugaridos non so é o centro existindo outras moitas necesidades nas parroquias.</p>
Grupo BNG	<p>Intervención o membro do grupo BNG Evaristo Deus Deus. O seu grupo está de acordo co maniestado polos grupos precedentes. Lembra como no ano 2019 o grupo PP votaba en contra do POS e non presentaba proposta alternativa algunha..</p>



	<p>Durante o ano 2024 todos os grupos presentaron propostas e pese a elo a catro días vista da adopción de acordo, presentan proxectos sen informes, sen visión de futuro feitos a presa e con precipitación. Algunha das iniciativas son necesarias como as relativas ao Club do Mar e outras responden ao que denomina criterio utilizado polo PP “Frankenstein” e que non responde as verdadeiras necesidades do concello. Polo que quere deixar constancia da incompetencia, imprevisión e precipitación pese a que para non por máis pedras no tránsito no expediente, o seu grupo se vai a abster na votación.</p>
--	--

Segunda quenda de intervencións	
Grupo PSdG-PSOE	<p>Abre a segunda quenda de intervencións manifestando que o goberno municipal camina sen rumbo e visión de futuro, botando en falta os proxectos e iniciativas anunciadas no seu programa electoral e outras que demandan atención como en Apelón, rúa As Lagoas etc. Sempre pensaron que o goberno optaría pola humanización das rúas e proxectos alineados coas demandas actuais coma en accesibilidade, preguntándose quén está realmente a gobernar.</p>
Grupo BNG	<p>Toma a palabra Evaristo Deus Deus para trasladar o grupo de goberno que se queren contar co apoio do resto de grupos deben cambiar a forma de traballar.</p>
Grupo PP	<p>Inicia a súa intervención o portavoz do grupo PP indicando que irá comentando e respondendo ao sinalado polos demais grupos de forma común para todas aquelas cuestións que se repetiron do debate.</p> <p>Indica que sí se contemplan nos proxectos obras de accesibilidade e cita un exemplo.</p> <p>Lembra que as propostas para o POS deben estar presentadas antes do 31 de agosto de cada ano indicando o seu destino ao plan provincial para que permitan depurar posibles incidencias, a emisión de informes e formación de proxectos ao que se debe sumar que cada ano as condicións das Bases do POS cambian.</p> <p>Se o PP votou en contra da aprobación dun</p>



	<p>POS é por que era coñecedor de que o seu voto non era necesario. Mentras estiveron na oposición presentaron 214 escritos dos que nalgúns casos, estaban dirixidos ao POS.</p> <p>En todo caso xa anunciou na pasada sesión da Comisión Informativa que durante o mes de febreiro de 2025 se abrirá a tramitación do POS do 2026. Máis quere lembrar o problema acontecido no ano 2018 con motivo da inclusión no POS do proxecto do aparcamento do colexio Loyola. Problemas que se siguen a arrastrar pola ausencia dun inventario de bens, vías e camiños municipais actualizado e os requisitos que cada ano pon a maiores a Deputación que fan que sexa máis difícil cumprir, pese a que recoñece que existe percorrido de mellora.</p> <p>Remata a súa intervención aclarando que si contan cun proxecto de pobo pero existen graves problemas de financiamento e por tal motivo non se encargan proxectos de importe elevado. Hai ademais outros problemas que deberán, no novo expediente do ano 2026, resolverse entre todos. E agradece o cambio de postura do grupo BNG e a abstención do grupo EU, respectando o sentido do voto do grupo PsdG-PSOE.</p>
--	--

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	A favor	Abstención	En contra	Abstención

O Pleno do concello, ao abeiro do establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:



A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	94.756,48 €
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	32.931,83 €
Subtotal gasto corrente	127.688,31 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzament o total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
ACONDICIONAMENTO NO CLUB DO MAR	98.806,85 €				98.806,85 €
Subtotal investimentos achega provincial 2025	98.806,85 €				98.806,85 €

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS DE BEIRARRÚA NA RÚA PETEIRO	154.938,46 €				154.938,46 €
Subtotal investimentos achega provincial 2024	154.938,46 €				154.938,46 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO FINANCIAMENTO	DE	Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de	Total concello	



				auga potable)		
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	94.756,48 €				94.756,48 €
	Achega 2024	32.931,83 €				32.931,83 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	98.806,85 €				98.806,85 €
	Achega 2024	154.938,46 €				154.938,46 €
C- REDUCCIÓN DA DÉBIDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2025					
	Achega 2024					
D- TOTAL	Achega 2025	193.563,33 €				193.563,33 €
	Achega 2024	187.870,29 €				187.870,29 €
	TOTAL	381.433,62 €				381.433,62 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento desubvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS DE BEIRARRÚA NA RÚA OS CORZÁS	214.508,59 €		214.508,59 €
TOTAIS	214.508,59 €		214.508,59 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos en función da documentación achegada, augas e servidumes para a execución dos investimentos, debendo proceder a solicitar as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias con carácter previo ao remate do prazo marcado para presentar a solicitude de axuda.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.



5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

3º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 3/2025. Expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 197/2023, previamente elevado á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior en sesión extraordinaria urxente realizada con data 3 de febreiro de 2025, emitíndose o seguinte ditame:

“3.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 3/2025”.

Unha vez dada conta dos antecedentes do expediente no que consta proposta de acordo asinada polo Concelleiro Delegado de Obras, Servizos, Medioambiente e TICs en data 31 de xaneiro de 2025, a comisión informativa, en aplicación do voto ponderado, por votos a favor (5 PP) e 8 abstencións (3 BNG, 3 PSdG-PSOE, 2 EU), acorda ditaminar favorablemente a adopción do acordo que se indica a continuación, para que se eleve á consideración do Concello Pleno:

Vista a circular remitida pola Deputación Provincial da Coruña en relación ao POS+ ADICIONAL 3/2025, PROPOÑO:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 3/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

**Financiamento de gastos correntes:
(17 concellos indicados na base 14.3)**

Gastos correntes 2025	Asignación POS+ Ad 3/2025 aplicada
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	68.316,47 €



2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Primeira quenda de intervencións	
Grupo EU	<p>Reitera os argumentos xa aducidos na súa intervención no punto anterior da orde do día. Non están de acordo en que os recursos do POS se adiquen a gasto corrente, mantendo a súa abstención.</p> <p>E excusa a súa presenza no restante debate e votación, abandonando o salón de Plenos.</p>
Grupo BNG	<p>Toma a palabra Evaristo Deus Deus. Quere manifestar que comparte os argumentos do grupo EU, estando en contra de adicar recursos a gastos corrente xa que é un indicio da mala xestión municipal.</p>

Segunda quenda de intervencións	
Grupo PSdG-PSOE	<p>A proposta evidencia a necesidade de ingresos da facenda municipal na que os gastos superan aos recursos dispoñibles. Ese foi o motivo da moción presentada no pleno ordinario do mes de xaneiro para que se modificase o convenio con REGANOSA.</p> <p>Coñecedores/as desta situación, o seu grupo se absterá na votación se ben están a espera do Plan de Acción que adiantou o Alcalde na indicada sesión plenaria.</p>
Grupo PP	<p>O portavoz do grupo PP aclara que son as propias Bases do POS as que esixen que os fondos se destinen a gasto corrente.</p>

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	Abstención Ausente na



				votación
--	--	--	--	----------

O Pleno do concello, ao abeiro do establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 3/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

**Financiamento de gastos correntes:
(17 concellos indicados na base 14.3)**

Gastos correntes 2025	Asignación POS+ Ad 3/2025 aplicada
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	68.316,47 €

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as doce horas e vinte e nove minutos estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta no expediente administrativo aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona PLN/2025/4, Ide. Reunión R/2025/9, cun soporte de gravación en audio cuxa pegada dixital é 7b86ebdb0e776f0e2600bd54819fd32aff318ba60324d6aec8f39b18c43dd5c874fb73237647fade4952332c93144df2efd85b8b2a97a96462210b6524a268 e de gravación en video 4391c6efbf4063335c5fe824d36f73c9b8a1d8ec1bdecc25182ea0fb0f1501a41a0b6e10e3657947a3979e852fdaa5dbbccb b7825da18cc1892c0062fa166b08.

Visto e praxe

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

